



www.oqueleo.com

© 2017, Gloria Sánchez

© 2017, Teresa Bellón

© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-97-6

Depósito legal: M-1063-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Terceira edición: febreiro de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega

e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

A vaca dixo mua

Gloria Sánchez

Ilustracións de Teresa Bellón

oqueleo

Para o meu Alexandre.
A Noa e Io, que xa son de seu.

Nunha pequena aldea entre montañas,
a xente levaba unha vida feliz.

9

Cultivaban as hortas, conversaban
devagar e tendían a roupa ao sol.

No bo tempo chapuzaban no río, ían
ás troitas e aos amorodos. Polo inverno
aconchegábanse arredor do lume.

Os máis vellos contaban historias
aos nenos; historias certas e contos
de marabillas. Todo discorría en paz.




Pero había un ser ruín que quería
facerse dono do val e mandar en todos
os habitantes: Bombardino. O señor

Bombardino era mesquiño e lambido
de cara. A envexa non o deixaba acougar.
Tiña sona de practicar malas artes:
bruxarías e feitizos.

10 Isto sucedeu nun día de finais
do verán, cando se celebraba a festa
anual na praza da aldea. Xogos
e lambetadas, música e pratos ricos.

O recendo do xantar e o son
dos cantares da xente enchían o aire
de alegría. Ata os paxariños calaron
os seus píos.






E de súpeto todos os ollos se dirixiron
ao palco da música. O señor Bombardino
puxérase a tocar a tuba. Sopraba
con toda a súa ansia. As súas fazulas
semellaban dúas granadas maduras
a piques de rebentar. Un aire feroz
12 e misterioso saíu pola boca daquel
instrumento. Un remuíño atolado
que desbaratou todo por onde pasaba.
Tirou coas mesas e con algunhas tellas.



Voou sombreiros, manteis e bandeirolas.
Abaneou as vellas árbores; fuxiron
os paxaros. Os cans que adormecían
ao sol laiaban buscando un agocho.
Cando marchou o aire malo, a praza era
unha desfeita. A xente ficou apampada.



Ao acordar decatáronse de que algo
 estraño pasaba coas súas voces,
 coas palabras. Das súas bocas saía
 un balbordo confuso, coma o renxer
 dunha porta vella ou, mellor, o bater
 de noces nun cesto. Non se entendían...

«**dmnhprt**», «**qrg**», «**nmgstnschhrs**»...
 Que viña dicir: «dáme unha aperta»,
 «quero auga», «non me gustan os chícharos».

Foi que, aquel vento toleirón e salvaxe
 tamén levara os sons máis febles
 e lixeiros das voces que aboiaban no aire:
 o *a*, *e*, *o*, *i*, *u*... Si, as vogais.

Esas letras mínimas, tan pequetchas,
 tan pouca cousa. Pero as palabras
 sen elas non eran nada, non eran
 ninguén.



